

Monteagudo e a historia social da lingua

«O galego nunca estivo tan preto de normalizarse e de extinguirse»

As visións históricas da lingua galega feitas ata o momento estaban escritas co trazo esvaído dun cadro impresionista. Ésa visión ten, a lo menos, o doutor en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago Henrique Monteagudo, que durante moitos anos andivo a xuntar datos e docu-

mentos que hoxe compoñen a pegada, precisa e concreta, da primeira «Historia Social da Lingua Galega» (Galaxia). A obra abrangue a evolución sociolóxica deste idioma desde a antigüidade ata o estalido da Guerra Civil. O que ven despois formará parte dun segundo volumen.

BEATRIZ PALLAS

A lingua galega como feito social non tivo a mesma evolución que a lingua como ferramenta literaria, aínda que habitualmente se estudien de forma paralela. Entre os moitos aspectos que o filólogo Henrique Monteagudo rebate na súa obra está o feito de que *Cantares gallegos* non foi para a lingua o fito crucial que se proclama.

—¿Cal é a principal aportación desta «Historia Social da Lingua Galega»?

—Empeceina hai varios anos con traballos detallados sobre aspectos ou períodos concretos. O libro é, por tanto, a culminación dun ciclo coa fusión de todo o material nun esquema coherente no que se trata cada período na súa especificidade, pero cunha perspectiva global. Xa existían outras obras, pero ningunha coa tentativa dunha concepción global da historia social do idioma galego.

—¿Cales foron as súas conclusións particulares?

—Fun problematizando distintos aspectos en cada período, empezando coa latinización de Galicia. O paso do latín ó galego non foi tanto un cambio de lingua senon de ideoloxía, unha consideración de lingua diferente. Na época da decadencia demostro con solidez que a culpa que se achaca ós Reis Católicos foi un mito, porque houbo un longo proceso que viña de antes e se consolidou despois. Polo que respecta ós séculos escuros, Sarmiento ven sendo estudado como un antilustrado, pero eu digo o contrario, xa que foi o mellor representante da Ilustración en Galicia.

—¿Era preciso desprenderse



Monteagudo sostén que o Rexurdimento empezou en 1880, e non coa publicación de «*Cantares gallegos*»

do peso da literatura ou da política?

—As obras que se teñen feito ata agora dependeron moito da historia da literatura e da política. O Rexurdimento desde o punto de vista sociolingüístico empeza no 1880 e non coa publicación de *Cantares Gallegos*, de Rosalía, que non foi ningún fito para o idioma. O que marca un fito realmente foi o ano 1880, porque antes non había produción de textos en galego e despois si. Sen embargo, a obra de Rosalía quedou perdida no medio dos anos sesenta do século XIX.

—¿Hai algún outro mito que rebata vostede?

—Eu discuto a decadencia do galego no *estancamento* de finais do século XIX e principios do XX, xa que no uso houbo un aumento considerable, aínda que non na

producción literaria.

—¿Foi aquel o momento de máis auxilio da lingua?

—O primeiro foi cando o galego empezou a fraguarse como lingua distinta do latín, aínda que a conciencia do galego como lingua de seu tardou en asentarse. No período contemporáneo, foron importantes os anos 80 do século pasado e os anos 20 deste século. O período de entreguerras (evito o termo *Xeración Nós*) foi clave para a modernización do idioma.

—¿Cal foi a relación co portugués?

—Na Idade Media, a lingua era o galego e só a finais dese período se empezou a diferenciar o nome como galego-portugués. A notable escisión entre ambas aparece nos gramáticos renacentistas lusos. Despois o galego perdeu a súa forma escrita. No Rexurdimento,

coa aparición de literatura en galego, defendéase a orixe común de ámbalas linguas, pero na práctica óptase por unha vía culta que traza un camiño propio e autónomo para o galego. Mesmo Castela, que falaba de que o portugués era o galego do sur, contribuíu a crear unha lingua autónoma.

—Neste proceso histórico, ¿en que momento está a lingua actualmente?

—O actual é un período decisivo. O galego está nunha disxuntiva na que nunca estivera. Nunca se viu tan preto da normalización e, ó mesmo tempo, tan preto da extinción.

—¿Nunca correrá perigo de desaparecer?

—Nunca. Na época na que España era un imperio non houbo unha política lingüística unificadora, algo que si se da na época contemporánea. Mesmo antes da guerra non había risco para o galego. Esta sensación empeza a finais dos 60 ou principios dos 70, coa progresiva perda de galego-falantes e da transmisión de pais a fillos, cun sistema de ensino e medios de comunicación en castelán.

—¿Serviu de algo a introdución do galego na escola?

—A política de promoción é moi pouco decidida e no sistema educativo actúase con absoluta falta de ideas.

NOVELA

A RECORTADA

An Alfaya

Xerais

Febleza argumental

RAMÓN NICOLÁS RODRÍGUEZ

A escritora viguesa An Alfaya, de quen xa coñecemos algúns afortunados pasos dados no eido da literatura xuvenil, dá a coñecer arestora unha breve novela baixo o título de *A recortada*, publicada na colección «Fóra de Xogo» de Edicións Xerais.

É, se cadra, o primeiro capítulo desta entrega, que pode ser lido con independencia respecto dos dous restantes, o que máis interese desperta pois o que ali se modula como argumento central —a historia dun malpocado criminal de aldea empurrado polo destino á maldade e na que se entretece unha relación sentimental frustrada— e onde a presenza intimidatoria dunha arma recortada confire a precisa unidade esixida, chega a convencer a quen o le de xeito que se vaia sentindo unha inequívoca corrente de simpatía polo protagonista e para que, fóra do inverosímil rexistro lingüístico do que un narrador-protagonista case iletrado fai gala nalgúns pasaxes, se avance depositando certas expectativas na súa continuación.

Ao noso xuízo a novela vai devalando e esmorece progresivamente tanto pola reiteración de tópicos como polo desvelamento das estratexias discursivas xa coñecidas ou que de maneira doada se sospeitan. Eses protagonistas que xa se presentaran, todos tocados pola desgracia e algúns dotados dunha inusual e recorrente síndrome de Estocolmo, vanse esluindo aos poucos e todo devén nunha feble trabazón argumental onde o reino da providencia campa sen ningunha limitación.

Mais o que no fondo pode quedar desta novela, esa reflexión sobre o peso da circunstancialidade no paso da inocencia á culpabilidade ou a tensión narrativa diante da incerteza que se expresa con mérito nalgúns páxinas sempre pode ser anotado no seu favor, malia que, con todo, non chegue a equilibrar esta.